RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 22 DE NOVEMBRO DE 2013.

*Declaración institucional con motivo do Día contra a violencia de xénero.

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 10/13, do 25 de outubro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.801 á nº 20.700, de 2013.

3.- Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión ordinaria de decembro de 2013.

4.- Proposición da Presidencia para a concesión de subvencións nominativas a Unicef e Cruz Vermella, para paliar os efectos do tifón Haiyan nas Ilas Filipinas.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística

5.-Aprobación dunha subvención nominativa e do texto do convenio que se asinará coa Fundación Paideia Galiza para o programa "La ida", para integración a través do intercambio transnacional de mozos e mozas dos concellos da provincia en 2013.

6.-Aprobación dunha subvención nominativa e do texto do convenio que se asinará coa entidade ASFEDRO (Asociación Ferrolá para o Estudo e Prevención das Drogodependencias) para o financiamento do programa Educando no Lecer 2013.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

7.-Concesión da subvención nominativa á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para financiar os "Ciclos de conferencias do ano 2013" e aprobación do correspondente convenio.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Federación de Autónomos de Galicia para financiar as xornadas divulgativas sobre o apoio a iniciativas na provincia da Coruña.

9.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación de Empresarios e Profesionais Compostela Monumental para financiar as Xornadas de Dinamización Comercial.

10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación para o Fomento do Coñecemento da Construción Naval e das Actividades Marítimas (EXPONAV) para financiar as actividades do ano 2013.

11.-Dar conta do erro no acordo plenario núm. 9 do 21.07.2013 correspondente ao convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Ribeira para financiar o proxecto Campaña Promoción Comercio dentro do Plan director do comercio.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

12.-Aprobación do proxecto modificado da obra "Cruce de colector de saneamento sobre paso superior da V.G.-1.2 no P.K. 2+800 e conexión de saneamento na avda. Celso Emilio Ferreiro e da rede de abastecemento de Fene a Mugardos", do Concello de Mugardos, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal adicional 1/2012. Código 12.2101.0309.0

13.-Aprobación do proxecto modificado da obra "Mellora e acondicionamento do vial no Castro de Bando", do Concello de Santiago de Compostela, incluída no Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013. Código: 13.2100.0149.0.

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabanas para o financiamento das obras de sinalización do nomeclátor municipal de rúas e camiños.

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabanas para o financiamento das obras de cerramento perimetral da área recreativa da "Veiga" 1ª fase.

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabanas para o financiamento das obras de colector de saneamento en Peón.

17.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerdido para o financiamento das obras de Camiño Cruz Encarnada – Vilarelle.

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerdido para o financiamento das obras de pavimentación camiño fronte á feira no lugar do Porto (A Barqueira) e outros.

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Curtis para o financiamento das obras de Plan de mellora da seguridade vial no Concello de Curtis 2013. Segunda fase.

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Melide para o financiamento das obras de ampliación da rede de saneamento no Ribeiro, mellora da rede de saneamento no camiño de Santiago e eliminación da antiga depuradora de Santa María.

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de mellora da antiga escola unitaria de Filgueira de Traba.

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de acondicionamento do acceso, da aula de ciencia divertida e substitución de persianas no CEIP de Bragade.

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de aglomerado asfáltico no núcleo rural de Trasanquelos.

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento de subministracións varias no CEIP de Bragade.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento de urbanización en Rilo parroquia de Santaia de Probaos.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento de pavimento de pistas polideportivas parroquia de Oza.

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento de acondicionamento de camiños en Oza-Cesuras.

28.-Aprobación do proxecto técnico reformado da obra “Adecuación da praza das Palmeiras” do Concello de Cee, incluída na 2ª fase da anualidade 2012 do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”. Código 2012.3280.0078.0.

29.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos de Arzúa e Santiso para o financiamento das obras denominadas Ponte sobre o río Boente na estrada de Arzúa a Santiso.

30.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Baña para o financiamento das obras de humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e Praza do Concello (A Baña).

31.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coirós para o financiamento das obras de dotacións de alumeado público en instalacións municipais para a eficiencia enerxética na Casa da Cultura, lugar de Xora, Lesa e outros.

32.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son para o financiamento das obras de humanización do encontro entre a rúa A Roda e O Porto.

33.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son para o financiamento das obras de acondicionamento do paseo marítimo de Portosín.

34.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello do Val do Dubra para o financiamento das obras de ampliación e mellora da rede xeral de abastecemento.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

35.-Aprobación da modificación do acordo e do convenio de cesión de uso da parcela nº 36 do Polígono Industrial de Sabón ao Concello de Arteixo.

36.-Aprobación da modificación das especificacións do Plan de pensións do persoal da Deputación Provincial da Coruña.

37.-Aprobación inicial do expediente de alteración do cambio de cualificación do edificio denominado Cine Elma na Pobra do Caramiñal e aprobación inicial do expediente de cesión de titularidade.

38.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión para o financiamento da obra de reparación interior do Pavillón Polideportivo de Pedrouzos.

39.-Aprobación e ratificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, Vicepresidencia da Xunta de Galicia, a Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para financiar a elaboración dun Plan de avaliación de accesibilidade en locais electorais da provincia da Coruña.

40.- .-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión para o financiamento da obra de acondicionamento da beirarrúa emprazada dentro dun ámbito dotacional deportivo que dá acceso ás pistas deportivas, pavillón e piscina municipais sito en Lamiño.

41.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para o financiamento da execución do proxecto de instalacións escénicas e audiovisuais do Auditorio Municipal de Ferrol.

42.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Cruz Vermella Española para a adquisición dunha zódiac para a Cruz Vermella de Sada.

43.- Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza Sempre para financiar o programa de actividades culturais no ano 2013.

44.- Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Academia Galega de Ciencias Médicas para financiar os avances da ciencia e da tecnoloxía do ano 2013.

45.-Aprobación da modificación de cambio do obxecto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para financiar as

obras de remodelación do polideportivo municipal de Meicende (Arteixo) para reforma da piscina municipal.

46.-Aprobación da modificación do texto do acordo plenario nº 16, aprobado na sesión plenaria o día 25 de outubro de 2013.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

47.- Aprobación do PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, OITAVA FASE, que se detalla: estabilización dun noiro na estrada provincial DP 0514 Arteixo a Caión na proximidade de Caión (Concello da Laracha) e reparación de noiro na estrada DP 6111 Baleo a Devesos pk 5+500 (Concello de Ortigueira).

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

48.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao terceiro trimestre de 2013, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010).

49.-Información rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 16 da orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro. Execución terceiro trimestre das entidades locais 2013.

50.-Aceptación de delegacións de competencias tributarias do Concello de Carnota.

51.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos número 5/2013.

52.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para o cofinanciamento da edición da “Revista de Facenda Pública Urbana”.

53.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 31.10.2013 e proxección ao 31.12.2013.

54.-Modificación da Base 10ª bis de execución do orzamento do exercicio 2013.

55.-Aprobación do Orzamento xeral exercicio 2014 e bases de execución.

Comisión de Persoal e réxime interior

56.-Prestación da asistencia sanitaria e farmacéutica polo Sistema de seguridade Social a partir do 01/12/2013.

57.-Reorganización 2013. Segunda fase de desenvolvemento. Cadro de persoal. Relación de postos de traballo e organigrama 2014.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
-Moción do BNG para demandar a aplicación de novos criterios no financiamento da administración local galega.

ROGOS E PREGUNTAS

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Todos os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña, presentamos a seguinte moción de apoio ás reivindicacións das mulleres vítimas de violencia de xénero, para o seu debate e aprobación en Pleno:

A Corporación provincial esixe ás administracións competentes:

Primeiro.- Que se dote á Administración de Xustiza dos medios humanos e económicos necesarios, para atender dun xeito rápido e eficiente todos e cada un dos casos relativos á violencia de xénero.

Segundo.- Que se garanta o cumprimento dunha atención xurídica axeitada, permanente e especializada en materia de violencia de xénero. De xeito que as persoas profesionais que presten estes servizos teñan unha formación especifica en materia de violencia contra as mulleres, como requisito para o exercicio desta atención.

Terceiro.- Que a Xunta de Galicia resolva, da forma mais áxil posible, as solicitudes de axudas económicas ás que estas mulleres teñen dereito, que se atopan paralizadas dende o mes de xuño, existindo casos nos que as necesitan urxentemente, para elas e para os seus fillos e fillas.

Que se simplifiquen ao máximo os trámites administrativos en orde á verificación do cumprimento dos requisitos económicos e xurídicos por parte das mulleres beneficiarias destas axudas.

Cuarto.- Que se cumpran tanto a Lei estatal coma a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, en todos os seus extremos, de tal xeito que a vítima de malos tratos e os seus fillos e fillas non sexan quen teña que abandonar o seu fogar en caso de violencia e, de ser así, en situacións de extrema necesidade, que se garantan unhas condicións de vida axeitadas, a partir do acceso aos recursos suficientes e dispoñibles en cada caso.

Quinto.- Que a Deputación da Coruña asuma, até onde o permita a lei, un compromiso de contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero, e que ese mesmo compromiso de contratación se valore como criterio puntuable para aquelas empresas que se presenten a procesos de contratación nesta Deputación, nomeadamente aquelas que realicen traballos relacionados coa violencia de xénero.

Todo isto nos termos establecidos na Disposición adicional cuarta do Real decreto lexislativo 2/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público.

Sexto.- Que nos programas de cooperación dependentes da Consellería de Traballo e Benestar reservados ás vítimas de violencia de xénero se cumpran as seguintes condicións:

a. Consideraranse sempre contratos a tempo completo, salvo expreso desexo da vítima.

b. A duración básica establecida dun ano poderá ser prorrogable para aqueles casos que se considere necesario.
c. O proceso de solicitude para estes programas estará aberto durante todo o ano.
d. Os programas presentados non contabilizarán na cota asignada a cada concello.

Sétimo.- Que o Parlamento galego convoque a Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os dereitos das mulleres, a diferentes asociacións, entre elas, a Asociación Vela-Luz, e no prazo máximo dun ano dende a súa constitución, se examinen as circunstancias do alto índice de sobresementos provisionais, a aplicación do Síndrome de Alineación Parental nos Xulgados de violencia contra a muller, o funcionamento dos Puntos de Encontro Familiar en Galicia, as condicións de elaboración dos informes psicosociais, e os criterios polos que apenas se conceden ordes de afastamento.

E derradeiro.- Que se faga un seguimento dos procesos aos que se enfrontan as mulleres que participaron na folga de fame, para garantir que non sofren represalias por parte do maltratador que poidan poñer en perigo a custodia dos seus fillos e fillas.

Todo isto incardinado no labor dos servizos sociais da Deputación, facendo un seguimento tanto da situación persoal de cada muller vítima de violencia de xénero, coma das demandas do conxunto da sociedade civil organizada en torno ao conflito da violencia de xénero.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 10/13, DO 25 DE OUTUBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 10/13, do 25 de outubro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 18.801 Á Nº 20.700, DE 2013.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.801 á nº 20.700, de 2013.

3.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DE DECEMBRO DE 2013.

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro correspondería celebrala o día 27 dese mes, durante as festas do Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada;

Polo tanto, e como excepción singular do réxime ordinario establecido na sesión do 29 de xullo de 2011,

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao duodécimo mes de 2013 celebrarase o día 20 de decembro, venres, a partir das doce horas”.

4.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS A UNICEF E CRUZ VERMELLA, PARA PALIAR OS EFECTOS DO TIFÓN HAIYAN NAS LLAS FILIPINAS.

Como é sabido a través dos distintos medios de comunicación, o pasado 8 de novembro tivo lugar un potente tifón (categoría 5) nas Illas Filipinas, que, pola súa proximidade a zonas densamente poboadas ocasionou unha gran devastación física e humana, con máis de 10.000 persoas falecidas.

Inmediatamente despois de ter lugar o fatal desenlace, numerosas entidades, públicas e privadas, puxeron en marcha os seus sistemas de axuda humanitaria, algunhas delas con demostrada experiencia e implantación no citado país, como é o caso da UNICEF e da CRUZ VERMELLA, no que xestionan proxectos de desenvolvemento en diferentes áreas dende hai anos.

Polas citadas razóns, os comités autonómicos das citadas entidades, nas súas funcións de colaboración coas súas respectivas organizacións nacionais, en orde á recadación de fondos para o financiamento das súas actividades, diríxense á Deputación Provincial da Coruña para solicitar as axudas que sexan posibles e, se fora o caso, o seu ingreso nas contas de emerxencia correspondentes, habilitadas e destinadas ao financiamento da axuda de emerxencia que ambas a dúas están a levar a cabo no terreo.

Malia a celeridade na tramitación das citadas solicitudes, esta non se completou a tempo para a inclusión na orde do día da Comisión Informativa correspondente, polo que, ao abeiro do art. 56.3 do Regulamento orgánico da Corporación, propónselle ao Pleno corporativo que, despois da ratificación previa da inclusión do asunto na orde do día, adopte o seguinte acordo:

"1º. Conceder as axudas que se indican a continuación, mediante o ingreso nas contas de emerxencia que se citan, con destino ao financiamento da axuda de emerxencia: axuda alimentaria, saneamento, refuxios temporais, e, en xeral, bens consumibles, dirixida a toda a poboación afectada polo Tifón Haiyan (coñecido localmente como Yolanda) en Filipinas:

Entidade	CIF	Achega	Conta de emerxencia núm.
UNICEF	G84451087	10.000 €	2080.5355.61.3040039021
CRUZ VERMELLA	Q2866001G	10.000 €	2080.0000.77.3040162319

2º. Imputar o gasto á partida 0103/232B/481, do vixente orzamento para 2013.

3º. Ordenar o aboamento das citadas axudas, co carácter de anticipo de fondos, despois da presentación por parte das citadas entidades dun compromiso de destinalos á finalidade para a que foron concedidos.

4º. Comunicarlles ás citadas entidades para que unha vez superada a situación de emerxencia, e en todo caso antes do 31.10.2014, presenten as certificacións do destino dos fondos á finalidade prevista, así como unha memoria das actividades realizadas. O incumprimento da finalidade das achegas, ou da xustificación documental aludida, poderá dar lugar á obriga de reintegrar as cantidades recibidas, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan orixinar.

5º. Facultar ao presidente para as actuacións que se requiran como consecuencia da execución do presente acordo.”

5.-APROBACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA E DO TEXTO DO CONVENIO QUE SE ASINARÁ COA FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA O PROGRAMA "LA IDA", PARA INTEGRACIÓN A TRAVÉS DO INTERCAMBIO TRANSNACIONAL DE MOZOS E MOZAS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA EN 2013.

Aprobar a concesión da subvención que se formalizará mediante un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, e a entidade Paideia Galiza, NIF G-15798655, para o cofinanciamento do gasto do programa "LA IDA", polo interese da actividade para a integración a través do intercambio transnacional dirixido a mozos e mozas dos concellos da provincia en 2013, e cunha achega máxima da Deputación de 17.000,00 euros, que supón o 80 % do gasto, sendo o total do orzamento que se ha subvencionar de 21.250,00 euros, subvención que se aboará de conformidade co disposto nas cláusulas VI e VII do texto do convenio, e con cargo á partida 0701/231G/481.

Aprobar o texto do convenio de colaboración que ten o contido seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA "LA IDA" PARA INTEGRACIÓN A TRAVÉS DO INTERCAMBIO TRANSNACIONAL, DIRIXIDO A MOZOS E MOZAS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA EN 2013

A Coruña, do 2013

Reunidos

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Dna. Sandra Ortega Mera presidenta da ENTIDADE FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA.
Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de admón. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme ás leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Na Lei de servizos socias para Galicia 13/2008, menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo a actividade de inserción de mozos e mozas de interese para

os concellos da provincia da Coruña, polo que está xustificado o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades de que se trata no convenio.
Por outra banda, segundo consta nos seus estatutos, a FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

Dado o interese coincidente da Deputación e da ENTIDADE FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA que ten o CIF G 15 798 655, para continuar no ano 2013 o cofinanciamento para o mantemento do programa "La ida" para a integración a través do intercambio transnacional, dirixido a mozos e mozas residentes en contornos rurais, priorizando as comarcas do Sar, Barbanza, Muros e Noia. Este programa ten como obxectivo proporcionar a 10-12 mozos e mozas galegos en distintas situacións de desvantaxe e difícil reinserción unha experiencia transnacional, a modo de cualificación complementaria, que amplíe as súas competencias e lles sirva como orientación profesional e como aprendizaxe lingüístico e mobilidade a través de estancias prácticas en empresas en Alemaña .

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de estancia (grupo)	Aloxamento e manutención	9.450,00€
	Viaxe en avión	5.250,00€
	Seguro	600,00€
Gastos de persoal	Selección, coordinación e titorización	3.000,00€
	Formación á saída cultural	1.600,00€
	Formación á saída lingüística	500 €

Reunións transnacionais	Billete avión, aloxamento, axudas de custe de desprazamento, manutención	850 €
TOTAL		21.250,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 17.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231G/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Informe dos Servizos Sociais dos concellos, en concreto o procedemento de selección dos beneficiarios como procedentes, nos que conste que os perfís dos participantes no intercambio corresponden ao perfil indicado na cláusula I deste convenio.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a ENTIDADE BENEFICIARIA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se presentara a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á

actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, deberán ser realizadas durante o ano 2013.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA. É dicir antes do 31 de marzo do ano 2014.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do **21** de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo e para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 xaneiro do presente ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio do 2014, condicionando o pago á existencia de crédito adecuado e suficiente.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 28 de febreiro de 2014 e presentada a xustificación antes do día 31 de marzo de 2014, , deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún

caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	A PRESIDENTA DA FUNDACION PAIDEIA GALIZA
Diego Calvo Pouso	Sandra Ortega Mera

6.-APROBACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA E DO TEXTO DO CONVENIO QUE SE ASINARÁ COA ENTIDADE ASFEDRO (ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS) PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA EDUCANDO NO LECER 2013.

Aprobar a concesión da subvención que se formalizará mediante un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade ASFEDRO (Asociación Ferrolá para o estudo e prevención das drogodependencias), CIF G-15072010, para o financiamento do programa de intervención no lecer nocturno "Educando no lecer" 2013, cunha achega máxima da Deputación de 20.000,00 euros, que supón o 80% do gasto, sendo o total do orzamento a subvencionar de 25.000,00 euros, subvención que se aboará de conformidade co disposto nas cláusulas VI e VII do convenio, e con cargo a partida 0701/231E/481.

Aprobar o texto do convenio de colaboración que ten o contido seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO) PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO LECER NOCTURNO "EDUCANDO NO LECER" 2013.

A Coruña,

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.
Dna. Olga Basterrechea Cubeiro, presidenta da ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO).

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO) ten como fins intentar significar a grave complexidade da droga e a defensa e protección do individuo e a colectividade ante o consumo, promoción e emprego das drogas tóxicas, estupefacientes e análogos. Esta asociación desenvolve as súas actividades no ámbito comarcal de Ferrolterra.

É competente a Deputación, para o prevista no convenio, conforme á Lei de bases de réxime Local 7/85, art. 36, e a de admón. local de Galicia, 5/97, art. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración.

A Deputación colabora no financiamento dos servizos sociais especializados, como é este caso, xa que son actividades para a toma de conciencia colectiva e individual sobre o dano xerado polo emprego e uso destas substancias, sempre que os ditos servizos os presten entidades de iniciativa social, (sen ánimo de lucro), como é o caso da entidade beneficiaria, e suplindo ou completando as competencias das

administracións públicas. Neste caso consta a colaboración expresa de varios concellos de Ferrolterra e arredores que ceden locais ou lugares onde realizar as actividades que ten convenio de colaboración para eses fins.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 62 e 63, os concellos deben colaborar no fomento dos servizos que prestan as entidades de iniciativa social, e a Deputación é competente para dar apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais. Neste caso está claro o interese provincial da actividade posto que do servizo poderanse beneficiar usuarios procedentes e derivados dos Concellos de Ferrolterra, como Narón, Ferrol, Fene, Neda, Cedeira, Cariño, Ortigueira e tamén Zas, A Coruña e Cambre.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade de ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO),** CIF G-15072010, para o financiamento dun programa de intervención no lecer nocturno “Educando no lecer” co obxectivo de crear un espazo de referencia adaptado aos cambios, con capacidade de escoita e como alternativa sólida ao uso de drogas como fonte de diversión na xuventude. Aportar as ferramentas necesarias para espertar a súa actitude crítica e reflexiva acerca das drogas.

As zonas de traballo serán prioritariamente os concellos da área de Ferrolterra e comarca, pero tamén haberá actividades abertas ao resto da poboación nova da provincia.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	Nº UNIDADES	PREZO UNITARIO	IMPORTE
1. GASTOS DE PERSOAL			
1.1. Soldos e salarios e Seguridade Social a cargo da entidade			22.453,10
2. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS			
2.1. Deseño da impresión tanto da publicidade como da información			950,00
• **2.2. Material funxible e didáctico**			796,90

2.3. Dietas correspondentes o desenvolvemento das actividades nos distintos concellos		800,00
TOTAL (IVE incluído)*		**25.000**

***** En caso de subas do I.V.E. serán asumidos pola entidade.

III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESA FINALIDADE

1.-A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000,00 €,** o que representa unha porcentaxe do **80%.** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0701/231E/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a ASFEDRO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa…), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa ou accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. A entidade xustificará que tomara acordo de incluír na súa Memoria anual a axuda da Deputación e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO), unha vez que se presente a seguinte documentación:

Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos usuarios atendidos por concello e actividade, e dos resultados obtidos.
Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, realizaranse entre o 1 febreiro de 2013 e o 30 de setembro do 2013, e deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN

MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas

3. De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de febreiro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do 2014, todo isto condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente.**

2. Logo da solicitude previa da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----------

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO)
Diego Calvo Pouso	Olga Basterrechea Cubeiro

7.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA PARA FINANCIAR OS "CICLOS DE CONFERENCIAS DO ANO 2013" E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, por importe de **15.000 €**, para financiar os *ciclos de conferencias do ano 2013: "Unha medicina ao servizo da sociedade" e "Nutrición e Deporte: hábitos de vida saudables",* cun orzamento subvencionado de 18.750€ , de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para financiar os *ciclos de conferencias do ano 2013: "Unha medicina ao servizo da sociedade" e "Nutrición e Deporte: hábitos de vida saudables".***

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. José Carro Otero, presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

MANIFESTAN

1.- Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

2.- Que a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia ten previsto organizar dous ciclos de conferencias de información sanitaria durante o ano 2013, co propósito de contribuír a mellorar a información da xuventude naqueles temas socio-sanitarios que, por abuso e mala práctica, xeran serios problemas de gran preocupación xeral.

3.- Que a Deputación Provincial da Coruña, concede unha grande importancia á difusión dos coñecementos médicos para mellorar o nivel sanitario da poboación da provincia, polo que ten a intención de impulsar o desenvolvemento de aquelas prácticas que contribúan a esta difusión.

4 - A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia coinciden en valorar positivamente este ciclo de conferencias, polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia (CIF: Q1568005A) para financiar os ***ciclos de conferencias do ano 2013: "Unha medicina ao servizo da sociedade" e "Nutrición e Deporte: hábitos de vida saudables",*** que tratarán os seguintes temas: malos hábitos en alimentación, sexualidade, adiccións tecnolóxicas, outras adiccións nocivas para a saúde, convivencia e agresividade, hixiene e coidados corporais, prevención de doenzas, patoloxías nos órganos dos sentidos, sedentarismo e exercicio físico.

O ciclo estará integrado por 20 conferencias en centros de ensino secundario dos seguintes concellos: Betanzos, Camariñas, Cee, A Coruña, Ferrol, Fisterra, Neda, Negreira, Noia, Oleiros, Ordes, Ortigueira, Padrón, Rianxo e Santa Comba.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Ciclo "Unha medicina ao servizo da sociedade"		
Desprazamentos para organización		400,00.-
Imprenta		900,00.-
Fotografía, programas power point, gráficos, etc		200,00.-
Pagos conferenciantes (250 € x 20)		5.000,00.-
Secretaría (13,34 € x 290 horas)		3.868,60.-
Subtotal	*10.368,60.-*	
Ciclo "Nutrición e Deporte: hábitos de vida saudables"		
Desprazamentos para organización		300,00.-
Imprenta		550,00.-
Fotografía, programas power point, gráficos, etc		150,00.-
Pagos conferenciantes (250 € x 15)		3.375,00.-
Secretaría (13,34 € x 220 horas)		2.934,80.-
Subtotal	*7.309,80.-*	
Gastos xerais		1.071,60.-
Total		***18.750.00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido

respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan o exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA PARA FINANCIAR AS XORNADAS DIVULGATIVAS SOBRE O APOIO A INICIATIVAS NA PROVINCIA DA CORUÑA.

1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA), CIF V15440639, para financiar as "Xornadas divulgativas sobre o apoio a iniciativas emprendedoras na provincia da Coruña".

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 15.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 75,00 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/334A/481.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA)

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Francisco Javier Pérez Bello, con DNI núm. 32755974H, en representación da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA)

1.Que a Deputación provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) consideran de grande interese dar a coñecer os instrumentos que a Deputación pon ao dispor dos emprendedores, para detectar as súas necesidades de financiamento, facilitar servizos de apoio e asesoramento empresarial, analizar a viabilidade dos proxectos a presentar e analizar as leis das administracións para superar a actual situación de crise.

2.Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA)**,

CIF V15440639, para o financiamento das “Xornadas divulgativas sobre o apoio a iniciativas emprendedoras na provincia da Coruña”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Aluguer de instalacións	2.500,00 €
Documentación	3.000,00 €
Gastos contratación relatores	3.500,00 €
Edición e deseño gráfico de materiais promocionais	4.500,00 €
Seguros	400,00 €
Publicidade	3.000,00 €
Elementos audiovisuais	1.600,00 €
Desprazamentos	1.500,00 €
TOTAL	**20.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 75,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais

xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán lugar entre o 1 de setembro de 2013 ata o 31 de decembro de 2013, polo que deberán estar rematadas TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as actividades, a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA

(FEAGA) na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegas a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 1 de setembro de 2013 ata o 31 de decembro do ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2014**, sempre e cando exista crédito para tal fin no exercicio 2014.

2. Para o caso de que a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) non poida ter presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA)

DON DIEGO CALVO POUSO

9.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL PARA FINANCIAR AS XORNADAS DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL.

1.- Aprobar o texto do convenio que se vai subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL, CIF G15382468, para financiar as "*Xornadas de dinamización comercial*".

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 35.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 77,777 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/431A/481.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. , con DNI núm. , en representación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL consideran de grande interese para a provincia e, concretamente un referente de ámbito comercial na cidade de Santiago de Compostela xa que a actividade ten como obxectivo o desenvolvemento de Campañas Publicitarias e Accións de Promoción Comercial de xeito permanente no Centro Comercial Aberto Compostela Monumental.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes
3.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES**

COMPOSTELA MONUMENTAL, **CIF G15382468**, para o financiamento das "*Xornadas de dinamización comercial*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
CAMPAÑAS COMERCIAIS	10.000,00 €
DINAMIZACIÓN DE RÚA	4.000,00 €
FIDELIZACIÓN CLIENTES	13.000,00 €
SINALIZACIÓN COMERCIAL	4.366,94 €
VII CONGRESO DO COMERCIO	13.633,06 €
TOTAL	**45.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 35.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 77,777%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,777% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/431A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante

de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2014**, sempre e cando exista crédito para tal fin no exercicio 2014.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN	O representante da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL
DON DIEGO CALVO POUSO	

10.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DO COÑECEMENTO DA CONSTRUCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2013.

1.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). CIF G15944564, para financiar as "Actividades para o ano 2013".

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 112.500,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 79,91 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/333A/481.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. , con DNI núm. , en representación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

EXPOÑEN

1. Que a Deputación provincial da Coruña e FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). CIF G-15944564, para o financiamento das "Actividades para o ano 2013"

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Dixitalización de Planos	**12.000,00 €**
Control Dinámico de Pezas	**3.688,00 €**
Adecuación de material expositivo de Electricidade	**38.125,00 €**
Adecuación a normas PRL e calidade	**2.375,00 €**
Gastos de Representación e Asistencia a reunións	**812,00 €**
Mantemento integral de pezas expositivas (limpeza e reparacións)	**36.500,00 €**
Bolsas diversas	**7.036,00 €**
Atención ao visitante e Guías	**40.250,00 €**
TOTAL	**140.786,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 112.500,00 €, o que representa unha porcentaxe de 79,91%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,91% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/333A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DE LAS ACTIVIDADES

MARÍTIMAS (EXPONAV), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS

ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán lugar dende o 31 de xullo de 2013 ata 31 de xullo de 2014.

2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao

respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os

relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de

tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 31 de xullo do 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2014, condicionada á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2014.

2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),

DON DIEGO CALVO POUSO

11.-DAR CONTA DO ERRO NO ACORDO PLENARIO NÚM. 9 DO 21.07.2013 CORRESPONDENTE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA FINANCIAR O PROXECTO CAMPAÑA PROMOCIÓN COMERCIO DENTRO DO PLAN DIRECTOR DO COMERCIO.

Visto o erro incorporado no texto do ditame e acordo plenario adoptados pola Comisión Informativa de Promoción Económica e polo Pleno o 22/07/2013 e o 31/07/2013 no que quedou aprobado o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ribeira procede a corrección do erro, no senso de determinar que a porcentaxe de anticipo prepagable a que vai referidas as cláusulas VI e XIII é a de 50% e así mesmo corrixir a referencia ás bases de execución do orzamento ás que vai referido o convenio que son as do ano 2013.

12.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "CRUZAMENTO DE COLECTOR DE SANEAMENTO SOBRE PASO SUPERIOR DA V.G.-1.2 NO P.K. 2+800 E CONEXIÓN DE SANEAMENTO NA AVDA. CELSO EMILIO FERREIRO E DA REDE DE ABASTECEMENTO DE FENE A MUGARDOS", DO CONCELLO DE MUGARDOS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 1/2012. CÓDIGO 12.2101.0309.0

Aprobar o proxecto modificado da obra "CRUZAMENTO de colector de saneamento sobre paso superior da V.G.-1.2 no P.K.2+800 e conexión de saneamento na Avda. Celso Emilio Ferreiro e da rede de abastecemento de Fene a Mugardos" do concello de Mugardos, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal adicional 1/2012. Código: 12.2101.0309.0 que implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da Deputación.

12.2101.0309.0	Colec.san.paso sup.VG-1.2.P.K.2+800 e o. (Concello de Mugardos)		
Axentes cofinanciadores	**Proxecto inicial**	**Proxecto reformado**	**Diferenza**
Deputación f.p.	12.951,18	12.951,18	**0,00**
Concello	18.106,93	21.757,03	**3.650,10**
TOTAL	**31.058,11**	**34.708,21**	**3.650,10**

13.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO VIAL NO CASTRO DE BANDO", DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013. CÓDIGO: 13.2100.0149.0.

Aprobar o proxecto modificado da obra "Mellora e acondicionamento viario no Castro de Bando" do concello de Santiago de Compostela, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, cun orzamento de contrata de 40.738,06€ co código 13.2100.0149.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total, si implica variación do trazado inicialmente previsto.

			FINANCIAMENTO		
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación F.propios**	**Concello.**	**Orzamento Total**
13.2100.0149.0	Santiago de Compostela	Mellora e acondicionamento viario no Castro de Bando	38.461,51	2.276,55	40.738,06

14.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE SINALIZACIÓN DO NOMENCLÁTOR MUNICIPAL DE RÚAS E CAMIÑOS.

Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Cabanas para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cabanas
DENOMINACIÓN DA OBRA	Sinalización do nomenclátor de rúas e camiños
PRESUPOSTO DO PROXECTO	59.678,21 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	59.678,21 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/151B/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio tamén queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANAS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE SINALIZACIÓN DO NOMENCLÁTOR MUNICIPAL DE RÚAS E CAMIÑOS

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. D. Germán Castrillón Permuy, Alcalde Presidente do Concello de Cabanas.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cabanas ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabanas con CIF P-1501500A, para o financiamento da obra de "SINALIZACIÓN DO NOMENCLÁTOR MUNICIPAL DE RÚAS E CAMIÑOS", tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Arquitecto D. VICENTE M. SAMBADE ZARZOSA.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase deseguido:

PEM :	41.446,08
GASTOS XERAIS :	5.387,99
BENEFICIO INDUSTRIAL :	2.486,76
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO :	10.357,38
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA :	59.678,21

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 59.678,21 €, o que representa unha porcentaxe do 100%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/151B/76201, unha vez que entre en vigor o expediente de

modificación de créditos 4/2013, no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.
Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio tamén queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata a finalización e a recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se lle achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e despois dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DA COMISIÓN XESTORA DE OZA-CESURAS
Diego Calvo Pouso	Pablo González Cacheiro

27.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DE ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN OZA-CESURAS.

Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Oza-Cesuras para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Oza-Cesuras
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento de camiños en Oza-Cesuras
PRESUPOSTO DO PROXECTO	113.535,74 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	90.828,59 €
ACHEGA DO CONCELLO	22.707,15 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/453D/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN OZA-CESURAS

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. D. Pablo González Cacheiro, Presidente da Comisión Xestora do Concello de Oza-Cesuras.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oza Cesuras ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras, para o financiamento da obra de "ACONDICIONAMENTO **DE CAMIÑOS NA PARROQUIA DE OZA: DE CANABOSO A RAMONDE; DO CAMPO CUIÑA A QUINTELA; DE CONVENTO A VILAR DO CRENDES E DE RODEIRO A IGREXA"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico D. ANTONIO LÓPEZ PANETE

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, indícase co seguinte detalle:

PEM :	78.849,74
GASTOS XERAIS:	10.250,47
BENEFICIO INDUSTRIAL:	4.730,98
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	19.704,55
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	113.535,74

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 90.828,59 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/453D/76201, unha vez que entre en vigor o expediente de modificación de créditos 4/2013, no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata a finalización e a recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se lle achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento o que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a unidade xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres

meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.
4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e despois dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DA COMISIÓN XESTORA DE OZA-CESURAS
Diego Calvo Pouso	Pablo González Cacheiro

28.-APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO REFORMADO DA OBRA "ADECUACIÓN DA PRAZA DAS PALMEIRAS" DO CONCELLO DE CEE, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PLAN "DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS". CÓDIGO 2012.3280.0078.0.

Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada "Adecuación da Praza das Palmeiras" do Concello de Cee, incluída na 2ª fase da anualidade 2012 do Plan "DTC 94: Unha deputación para todos os concellos" (código 2012.3280.0078.0), aprobada polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 23 de novembro de 2012, que introduce a modificación dunha das partidas previstas no proxecto técnico inicial, aÍnda que non varía a súa finalidade nin o seu obxecto, pero sI supón unha modificación do seu presuposto.

O presuposto de contrata do proxecto técnico reformado implica unha minoración respecto do presuposto de contrata do proxecto técnico inicial, tal e como se indica de seguido:

			FINANCIAMENTO (Todo Deputación) 0501/459G/76201			
CONCELLO	**CÓDIGO**	**DENOMINACION**	**PRESUPOSTO P. INICIAL**		**PRESUPOSTO P. REFORMADO**	**DIMINUCIÓN**
CEE	2012.3280.0078.0	ADECUACIÓN PRAZA PALMEIRAS	Contrata	143.911,66	142.615,75	1.295,91
			Adjud.	121.000,00	119.910,41	1.089,59

29.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE ARZÚA E SANTISO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DENOMINADAS PONTE SOBRE O RÍO BOENTE NA ESTRADA DE ARZÚA A SANTISO.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración cos concellos de Arzúa e Santiso para financiar as obras incluídas no proxecto cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLOS	ARZÚA E SANTISO	
DENOMINACIÓN DA OBRA	Ponte sobre o Río Boente na estrada de Arzúa a Santiso	
PRESUPOSTO DO PROXECTO	268.890,66	
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	Ao Concello de Arzúa	55.555,92
	Ao Concello de Santiso	55.555,92
	TOTAL	**111.111,84**
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	41,32 %	
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0202/453D/76201	

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE ARZÚA E SANTISO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DENOMINADAS "PONTE SOBRE O RÍO BOENTE NA ESTRADA DE ARZÚA A SANTISO"

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Diego Calvo Pouso

E doutra parte, don José Luís García López, alcalde do Concello de Arzúa e don Manuel Adán López, alcalde do Concello de Santiso
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e os Concellos de Arzúa e Santiso ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos de Arzúa e Santiso, para o financiamento da obra denominada **PONTE SOBRE O RÍO BOENTE NA ESTRADA DE ARZÚA A SANTISO**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro.
2.- As ENTIDADES BENEFICIARIAS, na súa condición de promotoras da obra, achegan ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polos seus órganos competentes, así como a certificación de que contan con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, as ENTIDADES BENEFICIARIAS, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, indícase co seguinte detalle:

P.E.M :	186.742,59 €
GASTOS XERAIS:	24.276,54
BENEFICIO INDUSTRIAL:	11.204,56
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	46.666,97
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	268.890,66

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 111.111,84 €, o que representa unha porcentaxe do 41,32% .
No financiamento desta obra participan a Consellería de Medio Rural e do Mar, os Concellos de Arzúa e Santiso e a Deputación da Coruña de acordo co seguinte detalle:

	ORZAMENTO SEN IVE	**IVE**	**ORZAMENTO TOTAL**

CONSELLERÍA MEDIO RURAL E DO MAR	111.111,84		111.111,84
DEPUTACIÓN DÁ CORUÑA	111.111,84		111.111,84
CONCELLO DE ARZÚA		23.333,49	23.333,49
CONCELLO DE SANTISO		23.333,49	23.333,49
TOTAL	**222.223,68**	**46.666,98**	**268.890,66**

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 41,32 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/453D/76201. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- A licitación, contratación, dirección e execución das obras comprendidas no proxecto indicado na cláusula primeira corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co convenio subscrito o 6 de setembro de 2013 entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arzúa e Santiso.
2.- No caso de que se tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberán remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, as ENTIDADES BENEFICIARIAS estarán obrigadas a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56.3 das de execución do Orzamento para o ano 2013, que prevé que de forma excepcional e debidamente motivada poderanse librar fondos anticipados a outros beneficiarios que, en todo caso, deberán aterse ás normas que se indican, e en atención ás características deste convenio, cuxo obxecto é financiar en parte a achega dos Concellos de Arzúa e Santiso á obra "Ponte sobre o Río Boente na estrada de Arzúa a Santiso", achega que xa lles requiriu á Xunta de Galicia, de acordo co convenio asinado o 6-9-2013, a Deputación pagará o 100% da súa achega aos Concellos de Arzúa e Santiso unha vez que a obra foi adxudicada e que a Xunta de Galicia reclamou aos citados concellos o ingreso da súa achega total por importe de 78.889,41 € a cada un. A Deputación transferirá 55.555,92 € ao Concello de Arzúa e outros 55.555,92 € ao Concello de Santiso, despois da sinatura do presente convenio, e unha vez que consten no expediente os seguintes documentos:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director e polo contratista.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, os Concellos de Arzúa e Santiso presentarán na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens das ENTIDADES BENEFICIARIAS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co pago prepagable

Se se xustifica a execución da totalidade do orzamento, considerarase xustificada a subvención transferida a cada concello, e se é inferior, iniciarase un expediente de reintegro das cantidades que correspondan.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2.- Unha vez finalizadas as obras, as ENTIDADES BENEFICIARIAS deberán presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento ás ENTIDADES BENEFICIARIAS para que a presenten no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá ás ENTIDADES BENEFICIARIAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.- As ENTIDADES BENEFICIARIAS deberán estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.- As ENTIDADES BENEFICIARIAS destinarán os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as ENTIDADES BENEFICIARIAS poderán ser escollidas pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, as ENTIDADES BENEFICIARIAS quedan sometidas aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación das ENTIDADES BENEFICIARIAS serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ás ENTIDADES BENEFICIARIAS será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos retroactivos desde a data da sinatura do convenio subscrito o 6 de setembro de 2013 entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arzúa e Santiso, e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.
2.- Para o caso de que as ENTIDADES BENEFICIARIAS non poidan ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberán solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que as ENTIDADES BENEFICIARIAS deberán reintegrar o importe correspondente.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, do subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o das ENTIDADES BENEFICIARIAS, respectivamente.
3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	O ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA	O ALCALDE DO CONCELLO DE SANTISO

Diego Calvo Pouso José Luís García López Manuel Adán López

30.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA BAÑA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS CASTELAO, ROSALÍA DE CASTRO E PRAZA DO CONCELLO (A BAÑA).

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Baña para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	A Baña
DENOMINACIÓN DA OBRA	Humanización das Rúas Castelao, Rosalía de Castro e da praza do Concello (A Baña)
PRESUPOSTO DO PROXECTO	239.978,02 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	191.982,42 €
ACHEGA DO CONCELLO	47.995,60 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0501/151B/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA BAÑA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DÁS RÚAS CASTELAO, ROSALÍA DE CASTRO E DA PRAZA DO CONCELLO (A BAÑA)

de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o Sr. D. Andrés García Cardeso, alcalde-presidente do Concello da Baña

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Baña ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Baña con CIF P1500700H, para o financiamento da obra de "HUMANIZACIÓN DAS RÚAS CASTELAO, ROSALIA DE CASTRO E DA PRAZA DO CONCELLO (A BAÑA)", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. JUAN CARLOS CARBALLEIRA RIFÓN.
2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase co seguinte detalle:

P.E.M. :	166.662,97
GASTOS XERAIS :	21.666,19
BENEFICIO INDUSTRIAL :	9.999,78
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO :	41.649,08
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA :	239.978,02

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 191.982,42 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que

a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
A) Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica do edificio denominado Cine Elma propiedade desta Deputación sito na Pobra do Caramiñal cualificado no inventario de bens como dominio público e servizo público para que mediante a súa desafectación quede cualificado como ben patrimonial e como trámite previo á iniciación do expediente de cesión de titularidade ao Concello da Pobra do Caramiñal.
B) Expor o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes, contado desde a publicación no BOP.

Transcorrido o prazo de exposición pública será sometido á aprobación definitiva polo Pleno da Corporación.

C) Aprobar inicialmente o expediente de cesión de titularidade e simultanear a exposición pública do expediente de desafectación, coa exposición pública do expediente de cesión mediante anuncio que se ha publicar no BOP durante o prazo indicado no apartado B.

As condicións de cesión son as seguintes:

1. Que o edificio Cine Elma se dedique a actividades de cine, teatro, conferencias, exposicións e calquera outra actividade cultural compatible coa súa natureza, durante o prazo indicado no seguinte apartado.
2. Que non se poida desafectar nin allear nun prazo mínimo de 30 anos.
3. O Concello da Pobra do Caramiñal facilitaralle á Deputación o uso gratuíto do inmoble ata un máximo de 15 días ao ano nas datas fixadas de mutuo acordo entre ambas as dúas institucións e durante o prazo establecido no apartado primeiro.

En caso de incumprimento de calquera das condicións, o citado ben reverterá á Deputación con todas as súas pertenzas e accesións.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición pública será sometido á aprobación definitiva polo Pleno da Corporación e logo da aprobación previa definitiva do expediente de desafectación.

38.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE REPARACIÓN INTERIOR DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE PEDROUZOS.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Brión para financiar as obras incluídas no proxecto de REPARACIÓN INTERIOR PAVILLÓN DE PEDROUZOS cunha achega de 12868,40 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80,8654% sobre un orzamento subvencionable de 15.913,36 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/342A/462.01

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE REPARACION INTERIOR DO PAVILLON POLIDEPORTIVO DE PEDROUZOS

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte, o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de BRIÓN, D. José Luis García García.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de BRIÓN ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de BRIÓN con CIF P-1501300-F para o financiamento da obra de **REPARACION INTERIOR DO PAVILLON POLIDEPORTIVO DE PEDROUZOS**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola arquitecta técnica Paula Puga Lorenzo

2- O Concello de BRIÓN, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de BRIÓN, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:_____	14.858,94 euros
MANO DE OBRA E MAQUINARIA _____	9.837,90 euros
MATERIAL _____ _____	5.021,04 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO/S. MATERIAIS____	1.054,42 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_____	**15.913,36 euros**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **12.868,40 euros** o que representa unha porcentaxe do **80,8654 %.**

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,8654 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/342A/462.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de BRIÓN de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o

dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de BRIÓN o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de BRIÓN axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de BRIÓN tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de BRIÓN estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de BRIÓN pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de BRIÓN, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de BRIÓN** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de BRIÓN** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de BRIÓN deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de BRIÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de BRIÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de BRIÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de BRIÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de BRIÓN poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de BRIÓN queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E **se o atraso se produce no prazo de xustificación** e **non excede dun mes**, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5.Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de BRIÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2014.**Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio presupostario

2. Para o caso de que o Concello de BRIÓN non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2014, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de BRIÓN perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de BRIÓN, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BRIÓN
DIEGO CALVO POUSO	JOSE LUIS GARCIA GARCIA

39.-APROBACIÓN E RATIFICACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, VICEPRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, A CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA FINANCIAR A ELABORACIÓN DUN PLAN DE AVALIACIÓN DE ACCESIBILIDADE EN LOCAIS ELECTORAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Aprobar e ratificar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, Vicepresidencia da Xunta de Galicia, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para financiar a elaboración dun plan de avaliación de accesibilidade en locais electorais da provincia da Coruña, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 15.000 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 60 % con respecto a un orzamento de 25.000 euros, que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/481

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2013

RÉUNENSE

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude dos Decretos 229/2012, do 2 de decembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia e 230/2012, do 2 de decembro, polo que se nomea ao vicepresidente da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Agustín Hernández-Fernández de Rojas, presidente do Organismo Autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, en virtude do artigo 4 Decreto 317/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS en concordancia Decretos 229/2012, do 2 de decembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia

Doutra, Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, en virtude de nomeamento efectuado na sesión constitutiva do 12/07/2011, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora de bases de réxime local.

E doutra, Anxo Queiruga Vila, presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), co CIF -32115941, inscrita no Rexistro Central de Asociacións sen ánimo de Lucro o 9 de abril de 2003, co número 2003/97, e declarada de utilidade pública por Orde do Ministerio do Interior por Orde do 17 de maio de 2004.

As partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada unha intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este convenio, e para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. - O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúelle a este departamento, entre outras, competencias en materia de asociacións e de relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local.

Segundo.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo como establece o artigo 4.1 s) da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), este ten entre as súas funcións en materia de vivenda e solo, calquera outra función técnica, material ou xurídica que en relación coas materias da súa competencia se lle encomenden ou lle competan ao IGVS.

Terceiro.- A Deputación Provincial da Coruña , de conformidade co disposto no artigo 109.d) da Lei de administración local de Galicia lle corresponde o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia. Neste senso e entre outras atribucións, participa no estudo e na determinación de necesidades que se han de cubrir dentro do seu territorio, e procura o mantemento das estatísticas actualizadas de necesidades e servizos de ámbito provincial.

Cuarto. – A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade ten por obxecto destinar e afectar o seu patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins de interese xeral para a Comunidade. En particular, ten como finalidade a integración social das persoas con discapacidade da Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo e coordinando un movemento asociativo, á vez que presta servizos ás persoas con discapacidade e as súas familias.

Quinto.- As administracións asinantes teñen interese en apoiar e impulsar aquelas actividades dirixidas ao fomento da igualdade e de dereitos e deberes para toda a cidadanía, que conduzan á eliminación das barreiras que encontran as persoas con discapacidade e que limitan a súa capacidade para exercer a súa condición de cidadán.

Sexto. - A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), a través do seu Departamento de Accesibilidade, ten disposto desenvolver o estudo dos colexios electorais situados nos municipios da provincia da Coruña, coa finalidade última de contribuír a eliminar as barreiras arquitectónicas que limiten a capacidade e liberdade das persoas con discapacidade e das persoas con problemas de mobilidade.

Ao abeiro do exposto, considérase de interese xeral a colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade na realización do proxecto descrito, pois actuacións deste tipo contribúen á promover as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Pola outra banda, valórase a experiencia demostrada pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade na realización de estudos similares, así como a súa implicación, a través do seu Departamento de Accesibilidade, na loita pola implantación dunha accesibilidade universal en todos os marcos sociais e, en xeral, por todos os asuntos relacionados coa eliminación de barreiras arquitectónicas.

Xustifícase a non concorrencia pública en atención á condición de COGAMI como a entidade máis representativa do colectivo de persoas con discapacidade física en

Galicia, que agrupa catro Federacións Provinciais, dúas entidades de ámbito Autonómico e preto de 50 asociacións comarcais e locais, e acolle entre os seus asociados ao maior número de persoas con discapacidade da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a promotora deste proxecto, que a xuízo das administracións asinantes, redundará nun gran beneficio para o conxunto da sociedade galega.
Sétimo.- A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes:

CLAUSULAS

PRIMEIRA. – OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, a Deputación da Coruña e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, no desenvolvemento do estudo sobre a accesibilidade dos colexios electorais situados nos municipios da provincia da Coruña, conforme co orzamento que se incorpora no anexo do convenio.

SEGUNDA.- Obrigas de COGAMI

1. A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade queda obrigada a destinar os fondos percibidos que ascenden a **VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000 €)** ao financiamento das actuacións referidas na cláusula primeira.
2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da CC.AA. para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento da actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control dispostas nel, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas

TERCEIRA. – OBRIGAS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Os organismos da administración autonómica asinantes do presente convenio outorgarán a COGAMI unha subvención de DEZ MIL EUROS (10.000 €), co seguinte detalle:

-Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, SEIS MIL EUROS (6.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.1 (PROX 2013.00097)
- Instituto Galego de Vivenda e Solo, CATRO MIL EUROS (4.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria: 07.81.451C.480.0(PROX.2013.00001).

O financiamento deste convenio realizarase con cargo aos orzamentos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Con esta finalidade, o Instituto Galego de Vivenda e Solo emitirá RCt por importe CATRO MIL EUROS (4.000 €), e, tras a formalización do convenio, realizaranse as modificacións orzamentarias necesarias para a ampliación de crédito correspondente á achega do organismo na aplicación orzamentaria 05.01.121A.481.1.

A instrumentalización desta modificación efectuarase de conformidade co disposto no artigo 61 e seguintes do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

CUARTA. – OBRIGAS DA DEPUTACIÓN

A Deputación da Coruña aboará á Confederación Galega de Persoas con Discapacidade a cantidade de QUINCE MIL EUROS (15.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria: 0701.231E.481. do seu orzamento de gastos para o exercicio 2013

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E LIBRAMENTO DOS FONDOS

As achegas económicas das administracións asinantes, realizaranse nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia, logo da presentación da documentación que se especifica a continuación, en orixinal ou copia debidamente compulsada : unha memoria xustificativa de actuación e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos; unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento; as facturas ou documento de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, incorporadas na relación; un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia; se é o caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

En relación ás facturas e con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada ante a administración correspondente como xustificante de gasto para o cobro da subvención outorgada conforme ao convenio.

Así mesmo, xunto coa documentación que ha presentar a entidade beneficiaria acompañarase un exemplar do estudo realizado

A entidade achegará os tres orzamentos, que de acordo co artigo 29.3 da Lei de subvencións, debe ter solicitado

O representante de COGAMI acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda .
Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, antes do pago da achega acreditará estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, conforme co disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro,
Á vista desta documentación, o órgano competente das administracións asinantes, expedirán certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.
En todo caso, a cantidade máxima que se obrigan a achegar as administracións participantes, reduciranse na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.
Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de mora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos dispostos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.
O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15/12/2013

SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica disposta no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

SÉTIMA. - SEGUIMENTO DO CONVENIO

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería, o presidente da

Deputación e o/a presidente/a de COGAMI, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.
A comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes.
As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, se é o caso, de addendas
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das dúas administracións
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

OITAVA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co disposto na Lei 4/2006, do transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e incluirase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, conforme cos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES

Ao abeiro do disposto no Acordo do Consello da Xunta do 8 de abril de 2010, COGAMI poderá subcontratar ata o 70% dos traballos obxecto do presente convenio, con empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social, sempre que estas empresas estean participadas maioritariamente por entidades de iniciativa social recollidas no artigo 28 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia. Será necesaria comunicación previa ás administracións concedentes, mediante escrito do responsable de COGAMI, onde consten os beneficios sociais e as vantaxes que a subcontratación aporta á mellora da eficiencia na utilización dos recursos públicos.

O contratista quedará obrigado soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración, velando porque na actividade subvencionada con terceiros se respecten os límites que se establezan na normativa reguladora da subvención en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración disposto no artigo 45 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para permitir a axeitada verificación do cumprimento dos ditos límites.

DÉCIMA.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:
a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda.
De resolverse o convenio, a Consellería e a Deputación da Coruña poderán, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA. – XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA. – VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 15 de decembro de 2013.

DECIMO TERCEIRA. - Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia

E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar duplicado, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

O presidente do Instituto Galego de Vivenda e Solo

Agustín Hernández-Fernández de Rojas

O presidente da Deputación da Coruña

Diego Calvo Pouso

O presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade

Anxo Queiruga Vila

ANEXO
ORZAMENTO DA ACTUACIÓN SUBVENCIONADA

5. ORZAMENTO

1. CUSTO DE PERSOAL				21.080.01 €
Persoal Propio	**Meses**	**Custo/mes**	**Adicación**	**Total**
Técnica de Accesibilidade	7	1.796,02	100%	12.572,21
		Total		**12.572,21**
Persoal Subcontratado		**Horas**	**Custo/hora**	**Total**
Coordinador do proxecto		150	28,32	4.248,00
Técnico de Accesibilidade		190	22,42	4.259,80
		Total		**8.507,80**

2. GASTOS DE DESPRAZAMENTO		1.200,00 €
Concepto		**Total**
Dietas Peaxes e Kilometraxes		1.200,00
	Total	**1.200,00**

3. OUTROS GASTOS		2.719,99 €
Concepto		**Total**
Material oficina		637,05
Limpeza		485,04
Auga		55,37
Electricidade		592,98
Telefonía		646,10
Internet e outros		303,45
	Total	**2.719,99**

4. TOTAL ORZAMENTO	25.000,00 €

40.- .-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA BEIRARRÚA EMPRAZADA DENTRO DUN ÁMBITO DOTACIONAL DEPORTIVO QUE DÁ ACCESO ÁS PISTAS DEPORTIVAS, PAVILLÓN E PISCINA MUNICIPAIS SITO EN LAMIÑO.

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Brión para financiar as obras incluídas no proxecto de ACONDICIONAMENTO DA BEIRARRUA EMPRAZADA DENTRO DUN AMBITO DOTACIONAL DEPORTIVO cunha achega de 8.418,65 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80,12283% sobre un orzamento subvencionable de 10.507,18 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/155A/762.01

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DO ACONDICIONAMIENTO DA BEIRARRUA EMPRAZADA DENTRO DUN AMBITO DOTACIONAL DEPORTIVO QUE DÁ ACCESO ÁS PISTAS DEPORTIVAS, PAVILLÓN E PISCINA MUNICIPAIS SITO EN LAMIÑO

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de BRIÓN, D. José Luis García García.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de BRIÓN ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de BRIÓN con CIF P-1501300-F para o financiamento da obra de ACONDICIONAMIENTO DA BEIRARRUA EMPRAZADA DENTRO DUN AMBITO DOTACIONAL DEPORTIVO QUE DÁ ACCESO ÁS PISTAS DEPORTIVAS, PAVILLÓN E PISCINA MUNICIPAIS SITO EN LAMIÑO, tal como

aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola arquitecta técnica Paula Puga Lorenzo

2- O Concello de BRIÓN, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de BRIÓN, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	9.595,74 euros
MAN DE OBRA E MAQUINARIA (A EXECUTAR POLA ADMON.)	5.254,61 euros
MATERIAL (A EXECUTAR POLA ADMON.)	4.340,96 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO/S MATERIAIS	911,61 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_____	**10.507,18 euros**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **8.418,65 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,12283%**

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,12283%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/155A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de BRIÓN de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de BRIÓN o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de BRIÓN axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá **utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de BRIÓN tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de BRIÓN estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito

que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de BRIÓN pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de BRIÓN, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de BRIÓN** na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o **Concello de BRIÓN** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de BRIÓN deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de BRIÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de BRIÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de **BRIÓN** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de BRIÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de BRIÓN poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de BRIÓN queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación** e **non excede dun mes**, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5.Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación desta serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de BRIÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2014.** Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio presupostario

2. Para o caso de que o Concello de BRIÓN non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de BRIÓN perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta moninativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de BRIÓN, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	A ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BRIÓN
DIEGO CALVO POUSO	JOSE LUIS GARCIA GARCIA

41.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA O FINANCIAMENTO DA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE INSTALACIÓNS ESCÉNICAS E AUDIOVISUAIS DO AUDITORIO MUNICIPAL DE FERROL.

Aprobar o texto e a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar a execución do PROXECTO DE INSTALACIÓNS ESCÉNICAS E AUDIOVISUAIS DO AUDITORIO MUNICIPAL DE FERROL cun orzamento subvencionable de 839.589,56 euros, e unha achega provincial de 294.108,22 € (o que representa unha porcentaxe total de financiamento do 35,03 %), que se imputará á partida 0202/335A/762.01

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA O FINANCIAMENTO DA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE INSTALACIONS ESCENICAS E AUDIOVISUAIS DO AUDITORIO DE FERROL

A Coruña, _____ de 2013

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde Presidente do Concello de FERROL, D. José Manuel Rey Varela

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de FERROL ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de FERROL con CIF P1503700E , para o financiamento da execución do **PROXECTO DE INSTALACIÓNS ESCENICAS E AUDIOVISUAIS DO AUDITORIO DE FERROL,** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por FRANCISCO J. REVILLA SAAVEDRA.

II.- ORZAMENTO

Segundo o proxecto que achegou o Concello de Ferrol o orzamento máximo ascende a 839.589,56 euros, detallándose do seguinte xeito:

P.E.M.	583.088,80 euros
GASTOS XERAIS	75.801,54 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL	34.985,33 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	145.713,89 euros
TOTAL	839.589,56 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o obxecto do convenio, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **294.108,22 €**, o que representa unha porcentaxe de **35,03 %.** A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando o CONCELLO DE FERROL que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 35,03 **%.** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/335A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de **FERROL** de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO DE FERROL o outorgamento do correspondente contrato.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE FERROL axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

Rematado completamente o contrato, procederase ao aboamento da achega provincial unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:

- persoa adxudicataria
- importe do contrato
- e prazo de execución

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Unha vez rematadas as obras acudirá un técnico da Deputación, para a comprobación material do investimento realizado.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE FERROL, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS ACTUACIONS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actuacións que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
2. Unha vez rematado o obxecto do convenio, o Concello de FERROL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en

calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A fala de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda das subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de FERROL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de FERROL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de FERROL poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de FERROL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago o adxudicatario o terceiros por un período superior a 4 meses dende a axeitada e correcta xustificación do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o dito prazo e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá por obxecto financiar as obras executadas e certificadas a partir do 1 de xaneiro do 2013 polo que terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro do 2013 e conservará a súa **vixencia** ata o día **11 de novembro de 2014, todo isto condicionado a existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.**

2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta moninativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de FERROL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do_____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL
DIEGO CALVO POUSO	José Manuel Rey Varela

42.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A ADQUISICIÓN DUNHA ZÓDIAC PARA A CRUZ VERMELLA DE SADA.

Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA con CIF: Q2866001G para financiar a ADQUISICIÓN DUNHA EMBARCACIÓN PNEUMÁTICA DE NIVEL C (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100,00 % con respecto a un orzamento de 25.000,00 €, que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0202/312A/62401.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A ADQUISICIÓN DUNHA EMBARCACIÓN PNEUMÁTICA (ZÓDIAC)

Na Coruña, o _____ de _____ de dous mil trece, na sede municipal

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación provincial da Coruña e,

Doutra parte, D..ª M.ª Carmen Colmeiro Rojo con NIF:35882208T, presidenta do Comité Autonómico de Cruz Vermella Española en Galicia
Ambas as partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

M A N I F E S T A N

Por acordo plenario do 26 de outubro de 2012 (EMC 5/2012), acordouse unha subvención nominativa por importe de 25.000,00 € á CRUZ VERMELLA para financiar a ADQUISICIÓN DUNHA EMBARCACIÓN PNEUMÁTICA (ZODIAC)

Por todo o exposto consideran necesario formalizar un convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA CON SEDE EN SADA, con CIF:*Q2866001G* para a adquisición dunha EMBARCACIÓN PNEUMÁTICA (ZÓDIAC), que será doada pola Deputación Provincial da Coruña á CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA CON SEDE SADA

SEGUNDA.- A Deputación adquirirá conforme os trámites dispostos na normativa reguladora da contratación do sector público, unha embarcación PNEUMÁTICA tipo zódiac con destino Á CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA CON SEDE EN SADA

TERCEIRA.- O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 25.000,00 euros que serán achegados na súa totalidade pola Excma. Deputación Provincial da Coruña para destinalos á adquisición da embarcación que será entregada a Cruz Vermella Española de Sada con cargo á aplicación orzamentaria 0202/312A/62401

CUARTA.- A Deputación doará gratuitamente a embarcación PNEUMÁTICA á CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA DE SADA

QUINTA.- A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións.

SEXTA.- A embarcación PNEUMÁTICA destinarase exclusivamente a fins propios da CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA. En caso contrario reverterán automaticamente á Deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo adoptado polo pleno da Corporación con data do _____

Así o din, asinan e outorgan en exemplar cuadriplicado no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	A PRESIDENTA DO COMITÉ AUTONÓMICO DE CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA EN GALICIA
Diego Calvo Pouso	María del Carmen Colmeiro Rojo

43.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2013.

1.- Aprobar o convenio coa Fundación Galiza Sempre correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades culturais no ano 2013, cun orzamento subvencionado de 12.500 €.
2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza sempre para financiar o *Programa de actividades culturais no ano 2013.*

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Xesús Veiga Buxán, Presidente da Fundación Galiza Sempre, en nome e representación desta e no uso das facultades que lle outorga o art. 13 dos seus Estatutos.

Actuando ambos no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñecéndose mutuamente competencia para actuar na representación que desempeñan,

EXPOÑEN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ámbalas partes recoñecen o interese do coñecemento e divulgación da recente historia sociopolítica galega, así como do estudo da traxectoria e achegas do nacionalismo galego ao avance da democracia e as liberdades en Galicia.

3.- A Fundación Galiza Sempre ten entre os seus obxectivos fundacionais o fomento e realización de actividades culturais que teñan por fin o estudo e desenvolvemento do pensamento político, social, económico e cultural de Galicia, difundir o pensamento político daquelas persoas e entidades que traballan pola consecución da soberanía da nación galega, o progreso social e o afondamento da democracia, promover o coñecemento na sociedade da personalidade nacional de Galicia, e da súa historia, afondar no coñecemento da realidade galega na súa dimensión política, social, cultural

e económica, aumentar a formación política e a participación da cidadanía e impulsar e divulgar iniciativas de intercambio e cooperación exterior para contribuír á xustiza e á equidade nas relacións entre os pobos.

4.- Para o cumprimento dos seus obxectivos, a Fundación Galiza Sempre pode realizar, segundo o art. 6 dos estatutos, as seguintes actividades:

* Organización de cursos, conferencias, coloquios, congresos e seminarios de estudos.
* Creación de grupos e equipas de estudo.
* Edición, redacción e subvención de publicacións e outros materiais.
* Organización dun arquivo do nacionalismo galego e do pensamento político e social de Galicia.
* Promoción, organización e realización de exposicións, actividades públicas e campañas de prensa, radio e televisión, coa intención de difundir os obxectivos fundacionais.
* Dar axuda e soporte a persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que compartan os obxectivos da Fundación, a través de subvencións, bolsas, encargo de estudos, establecemento de premios e calquera outra forma no marco da legalidade vixente.

5.- Neste marco, a Fundación Galiza Sempre desenvolve dúas liñas de actuación prioritarias:
* A promoción do pensamento socioeconómico, político e cultural, con tres eixos temáticos: o mundo das nacións sen estado; o neoliberalismo, a exclusión e a desigualdade social, a crise e as súas alternativas; e a realidade e as políticas públicas alternativas.

* A preservación e difusión da memoria histórica do nacionalismo galego, coas seguintes iniciativas: exposicións; documentais; programas radiofónicos; web sobre a historia do nacionalismo galego; debates; publicacións; organización do arquivo do nacionalismo galego.

6.- Neste contexto, subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza Sempre (G15702913) para financiar o ***Programa de actividades culturais no ano 2013*** que ten como obxectivo fundamental aumentar a formación e a participación política da cidadanía e impulsar a sensibilización da sociedade sobre problemáticas propias da nación galega, mediante as seguintes liñas de actuación:

* investigación, selección, elaboración, tradución e debate de textos a cargo de grupos de traballo.
* edición, deseño e produción dos formatos de difusión.
* xornadas de debate e divulgación.

* eventuais publicacións sobre as temáticas obxecto de estudo e traballo.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Galiza Sempre desenvolverá o proxecto definido na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal de dirección e coordinación	4.000.-
Servizos profesionais: colaboracións	2.000.-
Axudas de custo, aloxamentos e desprazamentos	500.-
Publicidade e publicacións	2.000.-
Produción, infraestruturas e medios técnicos	3.000.-
Gastos xerais, administración e xestión	1.000.-
Total	***12.500 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Galiza Sempre obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Galiza Sempre.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Galiza Sempre, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Galiza Sempre deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Galiza Sempre.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Galiza Sempre, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Galiza Sempre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Galiza Sempre deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Galiza Sempre para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Galiza Sempre da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de Execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Galiza Sempre na documentación entregada; e se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Galiza Sempre terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Galiza Sempre deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade

autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Galiza Sempre destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Galiza Sempre deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Galiza Sempre poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Galiza Sempre queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Galiza Sempre serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Galiza Sempre será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Fundación Galiza Sempre, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

44.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS MÉDICAS PARA FINANCIAR OS AVANCES DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA DO ANO 2013.

1.- Aprobar o convenio coa Academia Galega de Ciencias, correspondente á subvención nominativa, por importe de 8.000 €, concedida para financiar o ciclo de conferencias "XVI Avances en ciencia e tecnoloxía" durante o ano 2013, cun orzamento subvencionado de 8,000 €, de acordo co texto que se achega.
2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias para financiar o ciclo de conferencias *"XVI Avances en ciencia e tecnoloxía" durante o ano 2013.*

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Miguel Ángel Ríos Fernández, Presidente da Real Academia Galega de Ciencias.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Real Academia Galega de Ciencias ten previsto organizar un ciclo de conferencias titulado *"XVI Avances en ciencia e tecnoloxía"* que se desenvolverá en Santiago de Compostela, nos meses de outono, dirixido, principalmente ao alumnado universitario, licenciados, doutores e persoal de empresa.

Que a Deputación Provincial da Coruña, concede unha grande importancia á divulgación da ciencia e, máis concretamente, das novas tecnoloxías, coñecedora da necesidade social de fomentar a extensión deste tipo de actividades, e considerando a complementariedade desta actividade coa política de concesión de bolsas á investigación que vén desenvolvendo dende hai anos este organismo, está interesada en colaborar na organización das ditas conferencias.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias (CIF: Q1568010A) para financiar o ciclo de conferencias ***XVI Avances en ciencia e tecnoloxía***.

Neste ciclo preténdese analizar as posibilidades de desenvolvemento daqueles sectores que presentan un maior potencial en Galicia, en función da dispoñibilidade de recursos autóctonos e das previsibles demandas.

O seu programa centrarase no "coñecemento para o desenvolvemento económico" e realizarase de acordo co seguinte:

Parte primeira: Conferencias sobre conceptos xerais.

1ª sesión
Título: Coñecemento-Ciencia e Tecnoloxía
Relator: Félix Vidal Costa
Catedrático de Dto. de Física da Materia Condensada da USC, membro de número da RAGC

2ª sesión
Título: O coñecemento factor de crecemento. Innovación tecnolóxica
Relator: Manuel Varela Rey
Director da Axencia Galega de Innovación. Consellería de Economía e Industria

3ª sesión
Título: A xestión do coñecemento
Relator: Miguel Ángel Ríos Fernández
Catedrático Emérito da USC, vicepresidente da RAGC

Parte segunda: mesas redondas sobre casos de éxito

1ª mesa
Tema: Tecnoloxía alimentaria
Participantes: Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa, secretario xeral de ANFACO-CECOPESCA; un representante de Terras Gauda

2ª mesa
Tema: Instalacións intelixentes
Participantes: José Luis Fernández Carnero, director xeral de Estratexia de Televés; Fernando Pérez González, catedrático do Dto. de Teoría do Sinal e Comunicación da UVIGO e director do Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia; Carlos Rivas Pereda, Director de I+D+i de ELINSA; Jesús Doval Gandoy, profesor titular do Dto. de Tecnoloxía Electrónica da UVIGO

3ª mesa
Tema: A industria do silicio
Participantes: Javier Bullón Camarasa, director de Ferrolatlántica I+D; Peregrina Quintela Estévez, Catedrática do Dto. de matemática Aplicada da USC; Francisco

Guitián Rivera, profesor titular do Dto. de Edafoloxía e Química Agrícola da USC e director do Instituto de Cerámica da USC

4ª mesa
Tema: Casos de emprendemento
Participantes: Senén Barro Ameneiro, catedrático do Dto. de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da USC, Centro de Investigación en TI da USC (CITIUS), exreitor da USC e presidente de RedEmprendia; Carmen Pampín, directora de Galchimia; Manuel Lolo, director de AMSLAB,; Tatiana López, directora de Nanogap

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Ciencias desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

3 conferenciantes	1.500.-
20 participantes en mesas redondas	4.000.-
Organización e coordinación	500.-
Apoio administrativo	450.-
Imprenta	700.-
Publicidade	400.-
Azafata	300.-
Desprazamentos e axudas de custo	150.-
Total	**8.000 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **8.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **100 %.**

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Ciencias obteña para a mesma finalidade.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Ciencias.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega de Ciencias, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Ciencias deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Ciencias.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Real Academia Galega de Ciencias unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Ciencias, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Ciencias deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega de Ciencias para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega de Ciencias da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de Execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Ciencias na documentación entregada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega de Ciencias terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega de Ciencias deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega de Ciencias destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Ciencias deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Ciencias serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Ciencias será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Real Academia Galega de Ciencias, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser

prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

45.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CAMBIO DO OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REMODELACIÓN DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE MEICENDE (ARTEIXO) PARA REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL.

1º.- Aprobar o texto e a formalización dun CONVENIO DE COLABORACIÓN entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de ARTEIXO para financiar as OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE ARTEIXO cun orzamento subvencionable de 4.073.639,16 euros, e unha achega provincial de 300.000 € (o que representa unha porcentaxe total de financiamento do 7,36 %) que se imputará á partida 0202/342A/762.01.

2º.- Condicionar a aprobación do texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de ARTEIXO para financiar as OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE ARTEIXO á aprobación por parte da Deputación da modificación do acordo plenario do 31 de agosto de 1998 relativo á cesión de uso da parcela nº 36 do Polígono Industrial de Sabón ao Concello de Arteixo, no sentido de modificar o seu destino inicial e en consecuencia en lugar de destinala á instalación dun campo de fútbol se destine a piscina municipal e ás súas futuras ampliacións.

3º.- Facultar ao presidente da Corporación para a sinatura do Convenio unha vez FORMALIZADA A MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 31 DE AGOSTO DE 1998 RELATIVO Á CESIÓN DE USO DA PARCELA Nº 36 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN AO CONCELLO DE ARTEIXO NO SENTIDO DE MODIFICAR O DESTINO INICIAL.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE ARTEIXO

Na Coruña, o

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de ARTEIXO, D. J. Carlos Calvelo Martínez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ARTEIXO ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de ARTEIXO con CIF P1500500B para o financiamento da obra **REFORMA E AMPLIACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE ARTEIXO**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola Empresa EMAGESTION, S.L.

2- O Concello de ARTEIXO, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo,* unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de ARTEIXO, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase co seguinte detalle:

PEM:_____ 2.829.112,55 euros
Gastos xerais 13,00%_____ 367.784,63 euros
Beneficio industrial 6,00 %_____ 169.746,75 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO_____706.995,23 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_____ 4.073.639,16 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **300.000 euros** o que representa unha porcentaxe de 7,36%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 7,36% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula
segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/342A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de ARTEIXO de que o

compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de ARTEIXO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de ARTEIXO axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público e aos criterios de valoración contemplados nos pregos tipo da Deputación Provincial da Coruña

3.- No caso de que o Concello de ARTEIXO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de ARTEIXO estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de ARTEIXO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de ARTEIXO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de ARTEIXO** na documentación entregada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de ARTEIXO** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de ARTEIXO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de ARTEIXO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de ARTEIXO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de ARTEIXO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de ARTEIXO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, O Concello de ARTEIXO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de ARTEIXO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación** e **non excede dun mes**, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Arteixo serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de ARTEIXO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **15 de outubro de 2015,** todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.**.**

2. Para o caso de que o Concello de ARTEIXO non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 15 de xullo de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de ARTEIXO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas ás dúas partes e logo dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de ARTEIXO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO
DIEGO CALVO POUSO	J. CARLOS CALVELO MARTÍNEZ

46.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO TEXTO DO ACORDO PLENARIO Nº 16, APROBADO NA SESIÓN PLENARIA O DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2013.

APROBAR a modificación do texto do Acordo plenario nº 16, aprobado en sesión plenaria o 25 de outubro de 2013, quedando como se detalla:

Aprobar a formalización dun Convenio de Colaboración co Concello de FERROL para financiar as obras de URBANIZACIÓN EXTERIOR E REFORMAS NO CENTRO TORRENTE BALLESTER (Concello de Ferrol) cunha achega de 160.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80,00 %) sobre un orzamento subvencionable de 200.000,00 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0601/334A/76201

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar as obras de *urbanización exterior e reformas no Centro Torrente Ballester.*

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. José Manuel Rey Varela, Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ámbalas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

MANIFESTAN

1.- Que o Concello de Ferrol é titular do Centro Cultural Torrente Ballester, situado no antigo Hospital de Caridade, edificio histórico de 1786, que sufriu diferentes modificacións ao longo do tempo, ata a de 1988 pola que se converteu en centro cultural.

2.- Que a Deputación Provincial da Coruña, entre cuxas competencias se atopa o fomento da actividade cultural, considerando a importancia do labor que o Centro poderá desenvolver, non só no ámbito local senón con influencia en toda a bisbarra de Ferrol, financiou a I fase das obras, cunha achega de 68.973,32 €.

3.- Que, coa finalidade de facer do Centro Cultural Torrente Ballester un centro de referencia no ámbito galego, a corporación municipal do Concello de Ferrol vén de facer obras dirixidas á súa remodelación.

4.- Que, na actualidade, e co obxecto de emendar as deficiencias que se observan no Centro, o Concello está a realizar obras de acondicionamento exterior e outras obras auxiliares, segundo o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 27 de maio de 2013.

5.- Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol coinciden no interese de dar continuidade ás obras de remodelación do Centro Cultural Torrente

Ballester que, nesta fase centraranse na parcela posterior, reparación da cuberta do patio central e lucernarios e iluminación e reparación de fisuras no salón de actos.

Por todo o exposto ambas entidades acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol (NIF: P150 3700E) para financiar as obras de ***urbanización exterior e reformas no Centro Torrente Ballester,*** de acordo co proxecto redactado por Miguel Ángel García Silvero, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 25184.

2.- O Concello de Ferrol, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa titularidade do terreo na que se realizarán as obras.

O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado.

Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Ferrol comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Ferrol.

O Concello de Ferrol desenvolverá as obras programadas, segundo se definen no proxecto redactado por Miguel Ángel García Silvero, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 25184, consonte ao seguinte orzamento:

Urbanización exterior	79.644,59.-
Obras auxiliares	54.350,96.-
Xestión de residuos	819,36.-
Calidade	1.348,99.-
Seguridade e saúde	2.734,64.-
Total execución material	138.898,54.-
Gastos xerais 13%	18.056,81.-
Beneficio industrial 6%	8.333,91.-
Suma	165.289,26.-
IVE 21%	34.710,74.-
Total presuposto de contrata	**200.000,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **160.000,00 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.
Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.
IV.- Contratación da execución.-
1.- Na súa condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula segunda.
2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- O Concello de Ferrol deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación Provincial da Coruña.
4.- No caso de que o Concello de Ferrol tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación Provincial da Coruña un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo de aprobación.
V.- Publicidade do financiamento provincial.
1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Ferrol está obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Rematada a obra, deberase colocar en lugar visible, unha placa na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.
VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.
1.- De acordo coa posibilidade prevista na base 56ª das de Execución do orzamento para o ano 2013, a achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ferrol do seguinte xeito:
Primeiro prazo, por importe máximo do 40% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar.
O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao importe da adxudicación da obra, logo da presentación da seguinte documentación:
* **Certificación** do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

*** Acta** de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación Provincial da Coruña.
* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
*** Acreditación** da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula quinta, mediante achega de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.
Segundo prazo, por importe do 60 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, unha vez rematada completamente a obra e logo da presentación da seguinte documentación:
*** Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada,** que debe ser dilixenciada polo director da obra. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación Provincial da Coruña, que asinará tamén a acta.
*** Certificacións** dos acordos de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento das obrigas, expedidas polo órgano competente.
* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
*** Acreditación** do cumprimento das obrigas de publicidade establecida na cláusula quinta, mediante achega de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.
*** Certificación** do acordo de incorporación do ben ao Inventario de Bens do Concello de Ferrol, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos durante un prazo de DEZ anos.
*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable
2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.
2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.
A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.
Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª6º das de Execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no

cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55ª 6º das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento integrada por dúas persoas en representación da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas polo seu presidente e dúas persoas en representación do Concello de Ferrol, nomeadas polo seu alcalde.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

47.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, OITAVA FASE, QUE SE DETALLA: ESTABILIZACIÓN DUN NOIRO NA ESTRADA PROVINCIAL DP 0514 ARTEIXO A CAIÓN NA PROXIMIDADE DE CAIÓN (CONCELLO DA LARACHA) E REPARACIÓN DE NOIRO NA ESTRADA DP 6111 BALEO A DEVESOS PK 5+500 (CONCELLO DE ORTIGUEIRA).

1) Aprobar o PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, OITAVA FASE cun orzamento total de 54867,76 euros, con cargo á aplicación 0401/453A/61900 que se detalla.

CODIGO	PROXECTO	CONCELLO	ORZAMENTO
1311000044.0	ESTABILIZACIÓN DUN NOIRO NA ESTRADA PROVINCIAL DP 0514 ARTEIXO A CAION NA PROXIMIDADE DE CAION	A LARACHA	19789,99
1311000045.0	REPARACIÓN DE NOIRO NA ESTRADA DP 6111 BALEO A DEVESOS PK 5+500	ORTIGUEIRA	35077,77
		TOTAL	54867,76

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

48.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2013, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2010).

PRIMEIRO: Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operación comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

SEGUNDO: Dispor que se proceda á publicación dun anuncio na páxina web da Deputación no que se indique que a documentación referenciada no apartado anterior está a disposición dos interesados para o seu exame e consulta no Servizo de Contabilidade.

TERCEIRO: Proceder ao envío da dita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.

49.-INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN TERCEIRO TRIMESTRE DAS ENTIDADES LOCAIS 2013.

PRIMEIRO: Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2012 do 1 de outubro relativa á execución ao terceiro trimestre de 2013.

SEGUNDO: Poñer a disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial, cando tecnicamente sexa posible.

50.-ACEPTACIÓN DE DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CARNOTA.

Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Carnota en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

51.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 5/2013.

Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 5/2013 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento xeral por un importe de 5.159.199,34 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	408.107,07
SC. Suplemento créditos:	4.751.092,27
Total de aumentos:	**5.159.199,34**

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de tesourería:	1.800.000,00
Baixas de crédito noutras aplicacións:	3.359.199,34
Total financiamento:	**5.159.199,34**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	0,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	224.199,34
4. Transferencias correntes	341.000,00	0,00
5. Fondo continx .e outros imp.	0,00	3.135.000,00
6. Investimentos reais	113.031,54	0,00
7. Transferencias de capital	2.905.167,80	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	1.800.000,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	5.159.199,34	3.359.199,34

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	1.800.000,00
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	1.800.000,00

2.- Dispor a exposición pública polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o estabelecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaría na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaría e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2013 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

52.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O COFINANCIAMENTO DA EDICIÓN DA "REVISTA DE FACENDA PÚBLICA URBANA".

1º. Aprobar o seguinte convenio:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O COFINANCIAMENTO DA EDICIÓN DA "REVISTA DE FACENDA PÚBLICA URBANA"

A Coruña, ... de ..... do dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme coas competencias que ten atribuídas.
Doutra, D. Juan J. Casares Long, que intervén neste acto en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela, CIF Q1518001A, con domicilio social na Praza do Obradoiro, s/n, CP 15782 Santiago de Compostela, na súa calidade de Reitor Magnífico e conforme ás competencias que ten atribuídas.
Os dous actuando para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 2006 na edición dunha revista especializada en artigos e traballos de investigación orixinais e inéditos, abarcando temas relativos ás políticas de xestión de carácter local, facendas locais, aproximacións de carácter institucional, recensións e noticias de teses doutorais, denominada "Revista Facenda Pública Urbana (Urban Public Economics Review)", e o obxecto do presente convenio é darlle continuidade á citada colaboración.
Dado o interese coincidente da Deputación e Universidade de Santiago de Compostela, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de.colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC,) para :

1. O cofinanciamento da edición dos números 17 e 18 da Revista Facenda Pública Urbana (Urban Public Economics Review), correspondentes ao ano 2013, que se editará con carácter semestral e terá unha tirada de 500 exemplares. Nela publicaranse, fundamentalmente, artigos e traballos de investigación orixinais e inéditos, abarcando temas relativos ás políticas de xestión de carácter local,

facendas locais, aproximacións de carácter institucional, recensións e noticias de teses doutorais.

2. A dirección da revista estará a cargo do director do Departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC, D. Luis Caramés Viéitez. As tarefas de planificación, organización e coordinación dos traballos que vaian ser publicados, así como a maquetación da revista, serán realizados polo consello de redacción que designará o seu director.

3. Os artigos e traballos que se publiquen serán realizados por técnicos, profesores universitarios e científicos, en castelán, galego e/ou inglés.

4. Igualmente, a USC, a través do Departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, colaborará coa Deputación cando esta o solicite, prestándolle asesoramento sobre cuestións relacionadas co:
a) Desenvolvemento de políticas de xestión local
b) Preparación de proxectos de interese comunitario
c) Elaboración de informes sobre a situación financeira local
d) E, en xeral, na preparación de proxectos de actuación provincial no que se considere de interese o citado asesoramento

II. ORZAMENTO SUBVENCIONADO DE GASTOS

O orzamento da edición dos catro números ten o seguinte detalle:

CONCEPTO DE GASTO	2013
- Edición, deseño e maquetación	2.603,75
- Tradución	1.625,00
- Distribución	1.650,00
- Publicidade	781,25
- Honorarios colaboracións	750,00
- Reunións (incluída acheg.seminario anual)	5. 865,00
- Xestión	1.725,00
	15.000,00

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación financiará a confección e edición dos números 17 e 18 da citada revista cunha achega de 12.000 euros, conforme co orzamento de gastos citado, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80,00 %. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria partida 0103/323A/45390, do Orzamento xeral para 2013.

3. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

4. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á USC o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a USC axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A USC fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación en todos os exemplares da revista que se publiquen, así como na publicidade que con tal motivo se faga.

2. Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Despois da sinatura do convenio, o importe do cofinanciamento provincial referido na cláusula III, será transferido á USC despois da presentación da seguinte documentación:
- 10 exemplares da revista
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentación xustificativa polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais referidas na cláusula VIII
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC e se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo do xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A USC deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente ou mediante a presentación dos correspondentes certificados. Coa subscrición do presente convenio, a USC autoriza á Deputación á obtención telemática das citadas certificacións.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web “www.dicoruna.es”.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31.10.2014, con efectos retroactivos dende o 1.01.2013.

2. Logo da solicitude da USC, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo,

reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do …. de ……do 2013
E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadriplicado na data que se indica na cabeceira.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,	O REITOR MAGNÍFICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Diego Calvo Pouso	Juan J. Casares Long”

2ª. Aprobar como achega provincial ao convenio a cantidade de 12.000,00 €
3º. Facultar á Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.

53.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 31.10.2013 E PROXECCIÓN AO 31.12.2013.

Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/10/2013 e proxección a 31/12/2013.

54.-MODIFICACIÓN DA BASE 10ª BIS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2013.

PRIMEIRO: Modificar a Base décima bis. de execución do orzamento do exercicio 2013 que quedará redactada nos seguintes termos:

Base 10ª bis.- Fondo de Continxencia

O orzamento provincial, a fin de facer fronte durante o exercicio orzamentario a necesidades inaprazables, de carácter non discrecional para as que se fixesen en todo ou en parte, a adecuada dotación de crédito, tales como un maior gasto para o pago da débeda pública, ou o derivado de modificacións legais habidas durante o exercicio orzamentario na tributación indirecta que produzan un maior gasto de funcionamento por non ser deducibles as cotas tributarias soportadas e outros, inclúe unha dotación baixo a rúbrica "FONDO DE CONTINXENCIA de execución orzamentaria", por importe de 3.135.000,00 euros. O Fondo unicamente financiará, cando cumpra, as seguintes modificacións de crédito:

a) Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, de conformidade co establecido nestas bases.
b) As incorporacións de crédito, conforme ao indicado nestas bases.

En ningún caso poderá utilizarse o Fondo para financiar modificacións destinadas a dar cobertura a gastos ou actuacións que deriven de decisións discrecionais da administración, que carezan de cobertura orzamentaria. Non obstante, no exercicio 2013, o saldo do Fondo de Continxencia que non fora utilizado a 1 de novembro destinarase a novos gastos vinculados aos servizos de competencia provincial ou municipal, se as condicións de execución orzamentaria o permiten e se se acredita o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

A aplicación do FONDO DE CONTINXENCIA proporao a Presidencia previamente á autorización das respectivas modificacións de crédito.

SEGUNDO: Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

55.-APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2014 E BASES DE EXECUCIÓN.

Examinado o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2014, que presenta o Sr. Presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2014 por importe de 157.600.560,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. **OPERACIÓNS CORRENTES:**

CAPÍTULO I	Impostos directos	15.033.986,65
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	7.478.600,00
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	8.817.658,60
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	124.011.705,16
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	1.528.609,59
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		**156.870.560,00**

2. **OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	0,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		**0,00**

3. **OPERACIÓNS FINANCEIRAS:**

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	730.000,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**730.000,00**

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 157.600.560,00

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. **OPERACIÓNS CORRENTES:**

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	38.198.946,52
CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	24.860.327,03
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	302.987,68
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	38.985.245,68
CAPÍTULO V	Fondo de continxencia	3.160.000,00
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**105.507.506,91**

2. **OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	21.077.376,75

CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	13.806.970,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**34.884.346,75**

3. **OPERACIÓNS FINANCEIRAS:**

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	999.289,40
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	16.209.416,94
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**17.208.706,34**
	TOTAL DE ORZAMENTO XERAL	**157.600.560,00**

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

Grupo de función	Denominación	Orzamento
1	Servizos públicos básicos	2.034.412,27
2	Actuacións protección e promoción social	26.484.027,21
3	Produción bens públicos carácter preferente	19.076.098,28
4	Actuacións de carácter económico	51.484.163,28
9	Actuacións de carácter xeral	42.029.454,34
0	Débeda pública	16.492.404,62
	TOTAL DE ORZAMENTO XERAL	**157.600.560,00**

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo estabelece o art. 169.3 do citado Texto Refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.

5º.- Facultar ao Presidente para adaptar a estrutura orgánica de gastos á organización provincial de acordou coa táboa de equivalencias que se recolle de seguido:

2013		**2014**	
Código	**Descrición**	**Código**	**Descrición**
01	GOBERNO PROVINCIAL	**00**	**PRESIDENCIA**
0101	CORPORACION PROVINCIAL	00.10	GABINETE DE PRESIDENCIA

2013		2014	
Código	**Descrición**	**Código**	**Descrición**
0102	RELACIÓNS PÚBLICAS E COBERTURA INFORMATIVA	00.11	SECRETARÍA PARTICULAR
		00.12	PRENSA
		00.13	RELACIÓNS PUBLICAS E PROTOCOLO
0103	PLANIFICACIÓN, DESENV. TERRITORIAL E UNIÓN EUROPEA	01.11	INFORMACIÓN E ACTAS
		05.10	SERV. DE PROMOCIÓN ECON., TURÍSMO E EMPREGO
		05.20	SERV. DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE
0104	SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, CALIDAD E MODERNIZACIÓN		DESAPARECE
0105	ORGANIZACIÓN E SISTEMAS	07.30	SERV. DE INFORMÁTICA, E ADMÓN. ELECTRÓNICA
		07.40	SERV. DE SISTEMAS E SOPORTE
02	ADMINISTRACIÓN XERAL	**01**	**SECRETARÍA XERAL**
0201	SECRETARÍA XERAL	01.00	ÁREA DE SECRETARÍA XERAL
		01.10	OFICIALIA MAIOR
		01.11	INFORMACIÓN E ACTAS
0202	PATRIMONIO E CONTRATACION	01.12	SERV. DE CONTRATACION
		06.20	SERV. DE PATRIMONIO
0203	PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS	07.10	SERV. DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN RECURSOS HUMANOS
		07.20	SERV. DE ORGANIZACIÓN
0204	INFORMÁTICA		DESAPARECE
0205	IMPRENTA PROVINCIAL	01.14	IMPRENTA PROVINCIAL
0206	PARQUE MÓBIL	01.15	PARQUE MÓBIL
0207	SERVIZOS INTERNOS	01.16	SERVIZOS INTERNOS
03	ECONOMÍA E FACENDA	**02**	**INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN EC.- F.**
0301	INTERVENCIÓN XERAL	02.00	ÁREA DE INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECON.-FIN.

2013		2014	
Código	**Descrición**	**Código**	**Descrición**
		02.10	SERV. DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
		02.20	SERV. DE CONTABILIDADE
		02.30	SERV. DE PRESUPOSTOS, ESTUDOS E ASIST. ECON.
0302	TESOURERIA	03.00	AREA DE TESOURERIA E XESTIÓN DE TRIBUTOS
0303	RECADACIÓN	03.10	RECADACIÓN
		03.20	ZONAS RECAUDATORIAS
0304	XESTIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA	03.30	XESTIÓN TRIBUTARIA
0305	PROMOCIÓN E INCENTIVOS ECONÓMICOS	05.10	SERV. DE PROMOCIÓN ECÓN., TURISMO E EMPREGO
		05.20	SERV. DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE
04	OBRAS PÚBLICAS E URBANISMO	**04**	**ACCIÓN TERRITORIAL**
0401	VÍAS E OBRAS	04.10	VÍAS E OBRAS
0402	ARQUITECTURA	04.20	ARQUITECTURA E MANTEMENTO
0403	INGENIERÍA E MANTEMENTO		
0404	POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN	04.10	VÍAS Y OBRAS
		04.40	SERV. DE APOIO TÉCNICO A MUNICIPIOS
0405	ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA		DESAPARECE
		04.30	XESTIÓN DE PLANS
		04.40	SERVIZO DE APOIO TÉCNICO A MUNICIPIOS
